

Encargado Polideportivo	1
-------------------------	---

A plantilla de persoal laboral temporal, poderá aumentarse coas subvencións que este Concello poida recibir da Comunidade Autónoma, ou doutros Organismos para financiar a contratación de persoal de obras ou de servizos determinados.

Dita aprobación poderá ser impugnada ante a Xurisdición Contencioso-Administrativa, cos requisitos, formalidades e causas sinaladas no artigo 170 e 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e na forma e prazos que establecen as normas da devandita Xurisdición.

A Fonsagrada, 12 de febreiro de 2018.- O alcalde, Argelio Fernández Queipo

R. 0444

GUITIRIZ

Anuncio

MODIFICACIÓN PUNTUAL NAS BASES DA CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DUN/DUNHA FUNCIONARIO/A INTERINO/A PARA O POSTO DE ARQUITECTO/A TÉCNICO/A DO CONCELLO DE GUITIRIZ E NOVO PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

Por decreto de Alcaldía nº 2018-0119 de data 15/02/2018 aprobouse a seguinte modificación puntual das bases da convocatoria para a selección dun arquitecto/a técnico como funcionario interino mediante o sistema de concurso oposición, aprobadas por acordo de Xunta de Goberno Local de 25/01/2018 e publicadas integramente no BOP de Lugo de 9/02/2018.

"Modifícase a base 3ª no referente a titulación esixida, quedando redactado da seguinte maneira: "Titulación: Arquitecto Técnico ou superior ou título de grao equivalente que habilite para o exercicio da profesión de arquitecto técnico, ou estar en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá estarse en posesión da credencial que acredite a súa homologación."

Modificación da base 4.4 "O prazo de presentación de instancias será de 5 días hábiles, contados a partir do seguinte ó da publicación das bases no BOP de Lugo."

E acordouse darlle a publicidade oportuna e abrir un novo prazo de presentación de instancias de 5 días hábiles que comezará a partir do seguinte ao da publicación do presente anuncio de modificación no BOP.

Guitiriz, 15 de febreiro de 2018.- A alcaldesa, Regina Polín Rodríguez

R. 0480

Anuncio

CORRECCIÓN ERRO NAS BASES DA CONVOCATORIA PARA SELECCIÓN DUN/DUNHA ADMINISTRATIVO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL COMO FUNCIONARIO DE CARREIRA MEDIANTE OPOSICIÓN LIBRE

Por acordo de Xunta de Goberno Local de data 21/12/2017 aprobáronse as bases da convocatoria para a selección dun/dunha administrativo/a funcionario/a de carreira por oposición libre adscrito aos departamentos de intervención-contabilidade.

No BOP de Lugo nº 011 de data 15 de xaneiro de 2018 publicáronse integramente as devanditas bases.

Detectado un erro na publicación do BOP de data 15 de xaneiro de 2018 nas páxinas 8 e 9, no Anexo dos temas, na parte especial, materias específicas despois do tema 20:

Onde di:

"concepto, cálculo e axustes. O remanente de tesourería: concepto e cálculo. Análises do remanente de tesourería para gastos con financiamento afectado e do remanente de tesourería para gastos xerais. A consolidación orzamentaria."

Debería dicir:

"Tema 21. A liquidación do orzamento. Tramitación. Os remanentes de crédito. O resultado orzamentario: concepto cálculo e axustes. O remanente de tesourería: concepto e cálculo. Análises do remanente de tesourería para gastos con financiamento afectado e do remanente de tesourería para gastos xerais. A consolidación orzamentaria."